

# Memoria de Actividades Proxecto Ríos.

# Xaneiro – Outubro 2022

**Memoria Actividades 2022**
Coordinación: Paco Bañobre
Realización: Paco Bañobre e Ramsés Pérez
Maquetación: Paco Bañobre
Fotografía.: Ramsés Pérez e Paco Bañobre

**Proxecto Ríos**
Avd Castelao nº 20
15704 Santiago de Compostela
www.proxectorios.org

1. Introdución.

2. Memoria de actividades.

- Participación do voluntariado no Proxecto Ríos
- Saídas Formativas
- Roteiro Biduieral Montederramo
- Asistencia a xornadas e congresos
- Cursos de formación: 'Noites dos Morcegos'
- Campos de Voluntariado Ambiental do Río Tea
- XV Limpeza Simultánea de Ríos
- Comunicación

3. Anexos.

- Memoria económica




# 1. Introdución

No ano 2005 comeza a andaina do Proxecto Ríos en Galicia que é coordinado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). A finalidade é dar a coñecer a situación ambiental dos nosos cursos fluviais, incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e ofrecer solución aos problemas asociados á auga e aos ríos.  ADEGA pretende converterse nun referente nos programas de educación e voluntariado ambiental. O Proxecto Ríos conta nesta ano 2021 coa colaboración de Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

A finalidade é dar a coñecer a importancia dos ríos e as problemáticas ambientais asociadas aos mesmos. O obxectivo xeral do Proxecto Ríos é ensinar e transmitir bos comportamentos aos cidadáns para a mellora dos cursos fluviais mediante a súa participación.

En canto aos obxectivos específicos do proxecto, a relación é a seguinte:

- Mostrar aos participantes as responsabilidades ambientais que teñen con relación ás augas, como non contaminalas e axudar á súa conservación.
- Ensinar a identificar a flora e fauna dos ecosistemas de ribeira.
- Interpretar o ciclo da auga a escala global e local, informando aos participantes do seu papel nese ciclo.
- Facilitar o material específico necesario e persoal indicado para realizar as inspeccións.
- Motivar para aprender a relacionar elementos naturais, culturais, históricos, sociais, económicos, etc.
- Dispoñer dunha sede física e virtual onde centralizar as actividades do Proxecto Ríos e os recursos de educación ambiental e facilitar o acceso aos participantes.
- Fomentar a educación ambiental nos concellos, ofrecendo actividades para diferentes grupos sociais.

# 2. Memoria de actividades

Nas seguintes páxinas expóñense as actividades realizadas en 2022 (xaneiro – outubro).

## 2.1: Participación do voluntariado.

En canto ás actividades desenvolvidas en 2022, continuouse cos obxectivos de consolidación da participación cidadá arredor dos cursos fluviais.

Participación do voluntariado no Proxecto Ríos:

Na actualidade (outubro 2022) hai 248 grupos participando no Proxecto Ríos, que se distribúen por provincias, tal e como amosa a seguinte figura:




A progresión na participación está reflectida na seguinte gráfica:



A tipoloxía dos grupos participantes no Proxecto Ríos está representada na seguinte figura. Os piares fundamentais do proxecto son os centros de ensino, que en total (IES, CPI, CEIP e Universidade) suman o 53% do total. A continuación, as asociacións e os grupos de particulares son os máis abundantes. En 2022 continuamos colaborando co Plan Proxecta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Ao longo de 2021 e 2022 realizouse unha actualización da base de datos do Proxecto Ríos, polo que descendeu lixeiramente a participación dos grupos.




## 2.2: Saídas formativas.

As saídas formativas consisten en facer unha inspección de río co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos. Constan de dúas partes: unha primeira na que se percorre o treito escollido e se identifican especies vexetais e animais tanto das marxes como do leito do río e na que tamén se realiza o esquema do treito inspeccionado. Ao longo do percorrido aproveitase para comentar diferentes aspectos relacionados cos ecosistemas fluviais, así como para contabilizar o patrimonio etnográfico e analizar os colectores que poidan aparecer no treito. O estudo dos colectores permite coñecer a tipoloxía e a posible perigosidade dos aportes que poida ter o treito inspeccionado e tomar as medidas oportunas de denuncia ambiental cando proceda. A presenza de restos patrimoniais nos ríos galegos é moi elevada, por iso dende o Proxecto Ríos se lle dá unha especial relevancia ó estudo dos mesmos facendo fincapé nos usos tradicionais que posúen os ríos.

Na segunda parte da inspección escollese un punto de mostraxe representativo do treito onde se farán as análises e medicións dos parámetros fisicoquímicos e biolóxicos. Dentro dos parámetros físicos mídese a anchura da canle, a profundidade, a velocidade da corrente, as características organolépticas da auga, a temperatura e a transparencia. Nos parámetros químicos mídese o pH, a cantidade de nitratos e osíxeno disoltos na auga. Avaliase tamén o estado do bosque de ribeira (o cal se calcula a través dun índice de calidade de ribeira) e a porcentaxe de sombra que cubre a canle. No punto de mostraxe faise tamén un estudo dos macroinvertebrados, organismos bioindicadores,  que permite avaliar a calidade das augas. En función dos datos recollidos asígnase un valor representativo do estado de saúde do río inspeccionado. A escala de

valores vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de saúde. O último estado indica que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.

Dentro da duración das saídas realizase tamén a pé de río unha presentación sobre o Proxecto Ríos, sobre a metodoloxía de inspección e sobre aspectos relevantes que teñen que ver cos ríos e a súa xestión.

En 2022 realizáronse as seguintes saídas formativas:

- 24/02/2022. IES de Trives (Terra de Trives). Río Bibei.
- 01/04/2022. IES A Pinguela. Río Cabe.
- 04/04/2022. IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia). Río Limia.
- 05/04/2022. CEIP Atin Cela (Mos). Río Gato.
- 25/04/2022. IES de Bande (Bande). Río Cadós.
- 28/04/2022. Asociación Morea ( O Barco de Valdeorras). Río Sil.
- 28/04/2022. IES Val do Tea (Ponteareas). Río Uma.
- 06/05/2022. CPI Ramón Piñeiro (A Pobra de San Xiao). Río Neira.
- 09/05/2022. IES 12 de Outubro (Ourense). Río Lonia.
- 10/05/2022. IES As Lagoas (Ourense). Río Lonia.
- 11/05/2022. CPI Castroverde (Castroverde). Río Chamoso.
- 12/05/2022. CPI Castroverde (Castroverde). Río Chamoso.
- 15/05/2022. ADEGA Lugo. Rego de Segade.
- 20/05/2022. CEIP Felipe de Borbón (Salvaterra de Miño). Río Tea.
- 25/05/2022 CPI Curros Enríquez (Celanova). Río Arnoia.
- 26/05/2022. IES A Pinguela (Monforte de Lemos). Río Cabe.
- 13/06/2022. IES Sarría. (Sarría). Río Sarria.
- 21/06/2022. Aula Natureza Ourense. (Ourense). Río Miño.
- 07/08/2022. Asoc. San Lourenzo. (Pobra do Brollón). Río Cereixa.
- 08/08/2022. Aula Natureza Ourense. (Ourense). Río Miño.
- 19/09/2022. IES As Lagoas (Ourense). Río Loña.
- 22/09/2022. CEIP Xuvencus. (Boborás).
- 26/09/2022. IES As Lagoas (Ourense). Río Loña.
- 30/09/2022. IES de Salvaterra. Río Tea.

- 27/09/2022. IES San Paio (Tui). Río Tripes.
- 30/09/2022. COGAMI. (Lugo). Río Rato.
- 01/10/2022. Asoc Banco de Tempo.(Lugo). Río Fervedoira.
- 07/10/2022. IES Pedra da Auga (Ponteareas). Río Uma.

## 2.3: Roteiro Bidueiral de Montederramo

O día 12 de xuño de 2022, e dentro da programación de itinerarios da Delegación de ADEGA en Lugo, o Proxecto Ríos guiou unha ruta polo Bidueiral de Montederramo. A temática da ruta foi amosar a diversidade natural e a cultura asociada a este espazo natural protexido onde o río Mao e o eixe vertebral.

O percorrido foi practicamente circular, Saíuse dende a Mogainza e camiñouse ate o Campo do Casar, dende onde se pode ver o val que debuxa o río Mao dende o seu nacemento Despois realizouse unha ruta circular pola espesura do Bidueiral na que se cruzou o río Mao e algún dos seus tributarios. Ao chegar novamente ao Campo do Casar descenseuse até a Mogainza dando por rematada a ruta.

Durante o percorrido prestouse especial atención a diversidade natural que acolle este Espazo Natural Protexido e parte da fauna e da flora asociada ao bosque de ribeira.

A actividade durou unha xornada de mañá e tarde e participaron 21 persoas.





## 2.4: Asistencia a Xornadas e Congresos

### II Conferencia Ibérica do LIFE Invasaqua

Nestes últimos anos, o Proxecto Ríos colabora coa Asociação Portuguesa de Educação Ambiental (ASPEA) na realización de diferentes proxectos e actividades. Exemplo disto foi o proxecto Erasmus+ Living River.

En 2022 colaboramos coa ASPEA na organización da II Conferencia Ibérica do LIFE Invasaqua desenvolvida en Allariz os días 5, 6 e 7 de maio de 2022 e na que participaron máis de 70 escolares de Portugal e Galicia.

As actividades realizáronse arredor do río Arnoia e nas instalacións do CEA O Rexo en Allariz. Consistiron estas actividades na recollida e identificación de macroinvertebrados, identificación de flora do bosque de ribeira e unha actividade demostrativa de pesca eléctrica realizada por persoal do departamento de Hidrobioloxía da USC.

Outra das actividades realizadas foi a presentación dos traballos que a diferentes escolas participantes desenvolveron no ámbito do LIFE Invasaqua.

Selección fotográfica:













## Local and Global Initiatives: How Science Supports Management Actions on Diadromous Fish. Bourdeaux 5 – 9 de xullo de 2022

Nestas datas asistimos ao congreso de clausura do DiadES Project no que o Proxecto Rios e ADEGA participaron como entidade interesada.

Presentáronse as conclusións dos traballos de investigación sobre peixes migradores e realizáronse actividades para implicar á cidadanía, administracións e diversas entidades na conservación das especies de peixes e os seus hábitats. Nomeadamente o Proxecto Ríos participou nas sesión de xogo cos materiais educativos editados no DiadES: un xogo de rol para concienciar do alcance da conservación do peixes diádromos nun escenario de emerxencia climática.














## 2.5: Cursos de formación 'Noites dos Morcegos'

No convenio con CHMS establecíase a realización de cursos de formación. Entre eles estaban cursos relacionadas co Proxecto Quiroríos, que emprega morcegos para determinar a calidade ecolóxica dun ríos.

### Cursos de Formación "Noites dos morcegos"

Os morcegos achegan grandes beneficios aos seres humanos como son o control e regulación da poboación de insectos (entre eles moitas especies praga) e son excelentes bioindicadores de diferentes tipos de ecosistemas, caso dos bosques de ribeira. Estudando as súas poboacións podemos detectar cambios na calidade ecolóxica da auga e tamén dos bosques de ribeira.

As Noites dos Morcegos, teñen por finalidade difundir e sensibilizar á sociedade sobre a importancia dos morcegos e desenvólvense en máis de trinta países de Europa a través do proxecto EuroBats (www.eurobats.org) que cumpriu 31 anos no 2022.

Realizáronse dúas formacións, ambas cunha formación teórico-práctica sobre o programa de ciencia cidadá "Quiroríos" que na Galiza coordinan o grupo GEAS e ADEGA. Quiroríos é un protocolo para o seguimento dos morcegos nos cursos fluviais como indicadores da calidade da auga e dos bosques de ribeira, aberto a calquera persoa que queira participar, pois non hai que ser experto/a para facelo.

#### Noite dos Morcegos, luns 11 e martes 12 de xullo, en Monforte de Lemos e Montederramo

O mércores 6 e o martes 12 de xullo estaban programadas as 'Noites dos Morcegos', cursos de formación sobre quirópteros e o bosque de ribeira coa finalidade de difundir e sensibilizar á sociedade sobre a importancia destes seguindo o protocolo de QuiroRíos.

O primeiro deles estaba organizado para o día 6 de xullo en Monforte pero houbo que adialo para o luns 11 de xullo, xa que a persoa experta tiña COVID.

O primeiro entón foi o de Monforte de Lemos que se realizou ao pé do río Cabe. A sesión contou coa máxima participación posible polas normas COVID vixentes. A segunda noite, 12 de xullo, foi en Montederramo no río Mao e tamén contou cunha boa afluencia. Nas dúas actividades houbo lista de garda o que mostra o interese por este tipo de actividades.

Nas dúas sesións o voluntariado ambiental tivo a oportunidade de familiarizarse co mundo dos morcegos. A modo de introdución, e da man de Xosé Pardavila biólogo de Sorex, especializado na xestión de fauna salvaxe, facendo fincapé na importancia dos morcegos de ribeira, xa que se utilizan como indicadores da calidade do bosque de ribeira. Despois procedeuse á instalación de varias redes no río Cabe e nas súas beiras para atrapar aos morcegos. Durante o tempo de espera a que os morcegos saísen dos refuxios e quedasen retidos nas redes, fíxose un descanso para poder merendar-cear.

Na primeira xornada, o tempo de espera foi moi reducido xa que ao pouco da instalación das redes comezaron a caer os morcegos das ribeiras, *Myotis dabeuntonii*. Ao longo da noite caeron nas redes 18 morcegos de diferentes especies. Ademais da citada xa, como *Pipistrellus pipistrellus* e *Pipistrellus pygmaeus*. Na xornada de Montederramo a cantidade foi semellante, pero houbo máis variedade de especies, entre as cales atopáronse na súa gran maioría morcegos das ribeiras (*Myotis dabeuntonii*) e o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*) e un exemplar de nóctulo pequeno (*Nyctalus leisleri*) e outro de morcego pigmeo ou soprano (*Pipistrellus pygmaeus*). Tamén apareceu desta volta un *Eptesicus serotinus.*

Todos os quirópteros recolléronse e colocáronse en bolsas de tea para a súa posterior análise polo experto Xosé Pardavila analizou cada un deles, determinando a especie, o sexo e o grao de desenvolvemento (cría, xuvenil ou adulto). Con material acaído ao tipo de mostraxe, tomoulles medidas do peso e das lonxitudes de antebrazos, ademais de mostras de sangue, xenética, saliva e excrementos (os dispoñibles nas bolsas). Despois de cada control todos os morcegos foron liberados *in situ*, previo a esta un exemplar de *Nyctalus leisleri* da xornada de Montederramo que foi anelado.

Dende ADEGA e Proxecto Ríos queremos agradecer á participación das persoas voluntarias nestas xornadas de formación que tiñan un horario fóra do habitual. Agradecemos tamén a Xosé Pardavila.













## 2.6: Campos de voluntariado ambiental no río Tea

### Maio 2022



A fin de semana do 20 ao 22 de maio tivo lugar outra quenda dos campos de voluntariado para a eliminación da flora exótica invasora na contorna do río Tea. Neste campo centrámonos na eliminación das especies invasoras *Acacia dealbata* e *A. melanoxylon*, *Phytolacca americana* e *Crocosmia x crocosmiiflora* cuxa presenza nas beiras deste río é abundante. Coa axuda das 12 persoas voluntarias que participaron nesta xornada conseguimos eliminar os rebrotes das zonas nas que se traballou en anteriores xornadas.

Este proxecto conta coa colaboración da Confederación Hidrográfica do Miño – Sil.



A xornada comezou o venres 21 en no albergue Alentea en Covelo onde nos hospedamos durante a xornada. Alí, Paco Bañobre impartiu unha charla informando sobre a problemática das especies exóticas invasoras así como a situación pasada e actual do río Tea con relación a estas e os traballos realizados estes últimos quince anos.

Na mañá do sábado desprazámonos ata o Foxaco, a medio camiño entre Covelo e Mondariz, por onde discorre o río Tea e cruzamos polos Pasos de Tatín.



Despois dunha camiñada ao longo do río chegamos a primeira das zonas intervidas en anos pasados. Esta estivo completamente inzada por manchas de *Acacia dealbata*, e alegrounos ollar a ausencia de rebrotes e a presenza da flora autóctona comezando a repoboar a zona, deixando ao descuberto unha pequena praia fluvial. Esta mesma situación repetiuse en diferentes puntos a medida que continuabamos a nosa andaina ata chegar a

dúas zonas con presenza de rebrotes.

O proceso de eliminación da *Acacia dealbata* e *A. melanoxylon* consistiu en arrancar a planta de raíz, eliminando a maior raíz posible, ou realizando un anel de descortizado (eliminar parte da cortiza do tronco en forma de anel para promover o secado da planta e, finalmente, a súa morte) naqueles exemplares de maior porte. A xornada durou todo o día, regresando contentos do traballo realizado. Neste lugar foron eliminados varios pes de *R. pseudoacacia*.



O domingo, para rematar, fixemos unha pequena visita á Rectoral de Barciademeda e o río Alén. O roteiro do Alén, incluído dentro da rede natura 2000, destaca polo seu bosque de ribeira de amieiro (Alnus glutinosa) e freixos (*Fraxinus angustifolia*) e unha carballeira termófila caracterizada polo carballo *(Quercus robur*) e o loureiro (*Laurus nobilis*), un dos bosques máis ameazados de Galicia, con presenza de moitos dos fentos que podemos atopar nas ribeiras dos ríos galegos. Un paseo que completou un fin de semana de traballo, descuberta e conservación da nosa biodiversidade natural.

O roteiro do Alén, incluído dentro da rede natura 2000, destaca polo seu bosque de ribeira de amieiro (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus angustifolia*) e unha carballeira termófila caracterizada polo carballo (*Quercus robur*), loureiros (*Laurus nobilis*), silbardeiras (*Ruscus aculeatus*) e outra flora acompañante típica destas carballeiras, Un paseo que completou un fin de semana de traballo, descuberta e conservación da nosa biodiversidade natural.



## Setembro 2022



A fin de semana do 9 ao 11 de setembro tivo lugar outra quenda dos campos de voluntariado para a eliminación da flora exótica invasora na contorna do río Tea. Neste campo centrámonos na eliminación das especies invasoras *Acacia dealbata Phytolacca americana* e *Robinia pseudoacacia* cuxa presenza nas beiras deste río é abundante. Coa axuda das 14 persoas voluntarias que participaron nesta xornada conseguimos eliminar os rebrotes das zonas nas que se traballou en anteriores xornadas.

A xornada comezou o venres 9 en no albergue Alentea en Covelo onde nos hospedamos durante a xornada. Alí, Paco Bañobre impartiu unha charla informando sobre a problemática das especies exóticas invasoras así como a situación pasada e actual do río Tea con relación a estas e os traballos realizados estes últimos quince anos.



Na mañá do sábado desprazámonos ata Ponte Cernadelas, ao carón de Mondariz para iniciar o percorrido río arriba do treito de 3Km que o Proxecto Ríos ten custodiado.

Antes de cruzar a ponte medieval eliminamos dous pés de *Canna indica* e explicamos a metodoloxía de traballo. A continuación foron retiradas varias tintureiras que estaban tamén ao carón da ponte.

Ao cruzar a ponte a actuación centrouse en eliminar os rebrotes de *R. pseudoacacia* que medraban dos restos das árbores cortadas pola cuadrilla de gardería fluvial que está a eliminar as falsas acacias no río Tea.

Seguidamente, percorremos o treito ata os Pasos de Tatín revisando os rebrotes de flora invasora nas zonas de actuación en quendas anteriores.

O domingo, para rematar, fixemos unha pequena visita á Rectoral de Barciademeda e o río Alén.

O roteiro do Alén, incluído dentro da rede natura 2000, destaca polo seu bosque de ribeira de amieiro (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus angustifolia*) e unha carballeira termófila caracterizada polo carballo (*Quercus robur*), loureiros (*Laurus nobilis*), silbardeiras (*Ruscus aculeatus*) e outra flora acompañante típica destas carballeiras, Un paseo que completou un fin de semana de traballo, descuberta e conservación da nosa biodiversidade natural.









## 2.7: XV Limpeza Simultánea de Ríos

# 955 persoas retiran máis de 8 Tn. de residuos na XV Limpeza simultánea de ríos do Proxecto Ríos



Fomos novamente moitas as persoas as que nos mollamos polos ríos na **XV Limpeza Simultánea**. Houbo grupos grandes e pequenos, de nenos e nenas e de maiores. Limpáronse grandes ríos e tamén pequenos regatos, pero todas e todos tiñamos o mesmo obxectivo: coidar os nosos ríos e concienciar á sociedade da necesidade de que estean ben conservados.

O domingo 25 de setembro de 2022 realizouse a **XV Limpeza Simultánea de Ríos** en **41 concellos** de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais… até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás **62 entidades**. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gondomar, Verín, Tomiño ou Santiago de Compostela, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en **51 treitos de río** e participaron **955 persoas**.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións culturais, xuvenís, ecoloxistas, centros de atención á diversidade, scouts… de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2022 volveron a aparecer moitas rodas de automóbiles, e outros voluminosos.

## Aínda se verten moitos residuos aos ríos

Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas, cristais e latas; tamén pilas, restos de madeira, mobles, ferralla, unha valla de sinalización, entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, etc... As toalliñas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia e tamén máscaras. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacernos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras.

Algunha das entidades participantes, como a Asociación para a Defensa do Val do Liñares, notificaron a presenza dun vertedoiro no río Freán.

No reconto, calculamos que os residuos de tódolos concellos suman máis de **8 toneladas**, pero debemos lembrar que o noso principal obxectivo non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suplir o traballo da administración, somos, por outra banda, unha masa de xente que axuda a

concienciar á sociedade. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar, e para iso facemos actividades como esta.

| Concello | Grupo | Voluntarios/as | Rio | Kg |
|---|---|---|---|---|
| A Estrada | Asoc. A Xesteira | 12 | Ulla | 150 |
| | Asoc. Pola Defensa do Val do Liñares | 14 | Freán | 750 |
| A Guarda | Asoc. A Jalleira | 29 | Tamuxe | 400 |
| Allariz | CEA O Rexo | 9 | Arnoia | 100 |
| Ames | Aula da Natureza do Concello de Ames | 16 | Ameneiral | 50 |
| A Merca | Asoc. Xuvenil Xoldreira | 12 | Arnoia | 60 |
| Ares | Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta Catalina de Montefaro Concello de Ares | 4 | Frades | 150 |
| As Pontes | Asoc. EuroEume | 18 | Eume | 100 |
| Baamonde | Cercud (Centro Cultural Recreativo e Deportivo) | 10 | Parga | 58 |
| Betanzos | Fragas do Mandeo | 20 | Mendo | 815 |
| Cangas | ADEGA-Morrazo + ANPA CEIP A Rúa | 40 | Bouzós e Saiñas | 315 |
| Castro de Rei | Asoc. Cultural e Deportiva Amigos do Miño | 28 | Miño | |
| Carballo | ADEGA Carballo | 3 | Anllóns | 60 |
| Carral | Asoc. Brexa | 15 | Barcés | Sen datos |
| Catoira | Ecoloxistas de Catoira ANPA As Lombas | 18 | Catoira | 100 |
| Cenlle | Asoc. Veciñal Lentille | 7 | O Regheiro | 40 |
| Coruña, A | Oficina de Medio Ambiente da UDC | Sen datos | Lagar | |
| Fene | AETNA | 24 | Baa | 150 |
| | Asoc. Betula | | | |
| Folgoso do Courel | CPI UxíoNovoneyra | Sen datos | | |
| Gondomar | Voluntarios/as do Proxecto Ríos de Gondomar | 28 | Zamáns e Miñor | 200 |
| | Concello de Gondomar | 45 | Rasas | 1200 |
| Lugo | ADEGA Lugo | 4 | Rato | 150 |
| | UNED Lugo e Coidemos Lugo | 14 | | 200 |
| Marín | Grupo Cultural Ronsel | 20 | Loira | 80 |
| Meis | CPI Mosteiro-Meis | Adiada | | |
| | CEIP de Armenteira | 25 | Armenteira | |
| Negreira e A Baña | Asoc. Afonso Eanes e Asoc. Son Terra | 11 | Albariña | 100 |
| Nigrán | Concello de Nigrán / Oficina de Información Cidadá | 42 | Muíños | 150 |
| O Grove | IES As Bizocas | 20 | Bizocas | 50 |
| Ourense | Ecovixiantes de Franciscanas | 30 | Lonia | 227 |
| Padrón | Asociación Naturalista Hispella | 7 | Ulla | 25 |
| | Scouts Galicia | 13 | Ulla | 300 |
| Ponteareas | Plataforma pola Defensa do Tea | 23 | Tea | 700 |
| Pontevedra | Vaipolorío Fundación Juan XXIII | 47 | Gafos | 75 |
| | Asoc. Quilombo | 19 | Valdecorvos | 50 |
| Rianxo | AAVV do Araño | 11 | Te | 95 |
| Ribadumia | Colectivo Ecoloxista do Salnés | 15 | Umia | 100 |
| Salceda de Caselas | Asoc. Trezecatorze | 38 | Landres | |
| Santiago de Compostela | ADEGA Compostela Gentalha do Pichel | 20 | Sarela | 50 |
| | AFA Montessori | 16 | Sar | 100 |
| Teo | Concello de Teo | 8 | Tella | 100 |
| Tomiño | Concello de Tomiño. CEP Pedro Caselles. CEIP de Tebra. IES Anton Alonso Rios e Comunidade Terapéutica Alborada | 134 | Pego, Da Briña, Da Pedra e Cereixo | 141 |
| Valga | Muíño Didáctico de Campaña | 10 | Valga | 70 |
| Verín | Asoc. CDR Portas Abertas Concello de Verín | 13 | Támega e Pequeno | 170 |
| Vigo | Asoc. Bidueiro | Sen datos | Lagares | |
| Vilalba | ANPA CEIP Antonio Bermúdez ANPA CEIP Mato Vizoso ANPA EEI de Vilalba | 50 | Madalena | 350 |
| Xinzo de Limia | Concellaría de Cultura e Mocidade | Sen datos | Limia | 100 |
| Xunqueira de Ambía | Iniciativa Xunqueira | 13 | Arnoia | 70 |
| TOTAL- 41 | 62 | 955 | 51 | 8.151 |









## 2.8 Comunicación

A realización das actividades do Proxecto Ríos leva emparellada unha difusión en diversas plataformas dixitais. Na actualidade, ademais do boletín mensual –Gardarríos– enviado a todos/as os/as participantes e simpatizantes do Proxecto Ríos, publícanse na web do proxecto as convocatorias, as crónicas e os álbums de fotos de todas as actividades, para que a sociedade en xeral poida facer un seguimento das accións desenvolvidas polo Proxecto Ríos. Ademais compártense no Facebook e Instagram. Nestas, envíanse fotos e comentarios que informan en tempo real das actividades que se están a facer nos diferentes ríos pola equipa do Proxecto Ríos.

A continuación preséntase unha serie de imaxes da web do Proxecto Ríos, do Gardarríos e das páxinas das redes sociais:

### Web do Proxecto Ríos:














## Web de ADEGA:


ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Radio Cerna
CernaTV
Outras publicacións
ADEGA Cadernos
Revista Cerna
#EuFicoNaCasaConADEGA
INICIO
ORGANIZACIÓN
NOVAS
AXENDA
ÁREAS TEMÁTICAS
PROXECTOS
CAMPAÑAS
MULTIMEDIA
PASA Á ACCIÓN
Campo de Voluntariado Ambiental no Río Tea
Campo de Voluntariado Ambiental no río Tea
Eliminación de flora exótica invasora
20, 21 e 22 de maio


ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Radio Cerna
CernaTV
Outras publicacións
ADEGA Cadernos
Revista Cerna
#EuFicoNaCasaConADEGA
INICIO
ORGANIZACIÓN
NOVAS
AXENDA
ÁREAS TEMÁTICAS
PROXECTOS
CAMPAÑAS
MULTIMEDIA
PASA Á ACCIÓN
Campo de Voluntariado Ambiental no Río Tea
Campo de Voluntariado Ambiental no río Tea
Eliminación de flora exótica invasora


ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Radio Cerna
CernaTV
Outras publicacións
ADEGA Cadernos
Revista Cerna
#EuFicoNaCasaConADEGA
Buscar...
Avanzada
INICIO
ORGANIZACIÓN
NOVAS
AXENDA
ÁREAS TEMÁTICAS
PROXECTOS
CAMPAÑAS
MULTIMEDIA
PASA Á ACCIÓN
Inicio / Buscador / Noites dos Morcegos
Noites dos Morcegos
Estas sesións teñen por finalidade difundir e sensibilizar a sociedade sobre a importancia ecolóxica dos morcegos e realízanse en máis de trinta países de toda Europa a través do proxecto EuroBats (www.eurobats.org) que cumpriu 30 anos no 2021.
Os morcegos achegan grandes beneficios aos seres humanos como son a regulación da poboación de insectos (entre eles moitas especies praga) e son excelentes bioindicadores de diferentes tipos de ecosistemas, como no caso dos bosques de ribeira. Estudando as súas poboacións podemos detectar cambios na calidade ecolóxica da auga e tamén dos bosques de ribeira.
Quirorios e ciencia cidadá
A primeira das sesións terá lugar o vindeiro luns 11 de xullo en Monforte de Lemos, e a segunda desenvolverase o martes 12 de xullo en Montederramo. En horario de tarde-noite, ambas as dúas xornadas realizarase unha formación teórico-práctica sobre o programa de ciencia cidadá "Quirorios" que en Galiza coordinan o grupo GEAS e ADEGA. Quirorios é un protocolo para o seguimento dos morcegos nos cursos fluviais como indicadores da calidade da auga e dos bosques de ribeira, aberto a calquera persoa que queira participar, pois non hai que ser unha persoa experta para facelo.
Dende o Proxecto Ríos de ADEGA ofrecemos ao voluntariado ambiental a oportunidade de participar na mostraxe dos quirópteros da man de persoal experimentado. No desenvolvemento das dúas noites de morcegos, contaremos coa colaboración de Xosé Pardavila de Sorex, investigador e especialista na sestión de fauna salvaxe. A actividade conta co financiamento da Confederación Hidrográfica do Miño Sil. A inscrición é gratuíta e as praças son limitadas para cada sesión formativa.
Para participar é preciso inscribirse enviando a Ficha de inscrición a: rarrutes@adega.gal
Ou chamar ao 618 238 050

ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Radio Cerna | ADEGA Cadernos
CernaTV | Revista Cerna
Outras publicacións | #EuFicoNaCasaConADEGA

Buscar... | Avanzada

INICIO | ORGANIZACIÓN | NOVAS | AXENDA | ÁREAS TEMÁTICAS | PROXECTOS | CAMPAÑAS | MULTIMEDIA | PASA Á ACCIÓN

Inicio / Novas / Educación ambiental / Un milleiro de persoas participou na XV Limpeza...

29-09-2022

## Un milleiro de persoas participou na XV Limpeza Simultánea de Ríos



Unha vez máis, fomos moitas as galegas e galegos que nos mollamos polos ríos na **XV Limpeza Simultánea do Proxecto Ríos** de ADEGA. Houbo moita diversidade nos grupos de voluntarios/s, máis e menos numerosos, de nenos e nenas e de maiores. Limpáronse grandes ríos e tamén pequenos regatos, pero todas e todos tiñamos o mesmo obxectivo: coidar os nosos ríos e concienciar á sociedade da necesidade de que estean ben conservados.

O domingo 25 de setembro de 2022 realizouse a **XV Limpeza Simultánea de Ríos** en **41 concellos** de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais, centros de ensino e concellos, chegando ás **62 entidades**. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gondomar, Santiago de Compostela, Tomiño ou Verín, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en **51 treitos de río** e participaron **948 persoas**.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións culturais, xuvenís, ecoloxistas, centros de atención á diversidade, scouts... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2022 volveron a aparecer moitas rodas de automóbiles, e outros voluminosos.

ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Radio Cerna | ADEGA Cadernos
CernaTV | Revista Cerna
Outras publicacións | #EuFicoNaCasaConADEGA

Buscar... | Avanzada

INICIO | ORGANIZACIÓN | NOVAS | AXENDA | ÁREAS TEMÁTICAS | PROXECTOS | CAMPAÑAS | MULTIMEDIA | PASA Á ACCIÓN

Inicio / Axenda / Educación ambiental / XV Limpeza Simultánea de Ríos

25-09-2022

## XV Limpeza Simultánea de Ríos

O **domingo 25 de setembro** é a data que temos fixada para a realización da **XV Limpeza Simultánea de Ríos**.
Esta actividade pretende concienciar á sociedade da necesidade de manter limpos de lixo os nosos cursos fluviais como premisa para garantir a súa saúde.
Convocaremos aos grupos participantes do Proxecto Ríos a que se unan un ano máis a esta iniciativa.
Tamén convocamos á sociedade en xeral a participar: asociacións, concellos, centros de ensino etc...

Xa se poden consultar as persoas coordinadoras e os seus contactos para anotarse na actividade **Móllate polos Ríos**.
Pincha nesta Ligazón
Para participar, escribe un mail a: proxectoriosgaliza@gmail.com



## GARDARRÍOS


Gardarríos Xaneiro 2022
View this email in your browser
Gardarríos
O PROXECTO RÍOS DESÉXACHE BO 2022
ESTAMOS TRABALLANDO NO CALENDARIO 2022
NOVIDADES DO PROXECTO RÍOS PARA 2022


Gardarríos Febreiro 2022
View this email in your browser
Gardarríos
UN 2022 CHEO DE ACTIVIDADES
ESTAMOS TRABALLANDO NO CALENDARIO 2022
RESUMO DO PROXECTO UN MAR DE ALOSAS


Gardarríos Marzo 2022
View this email in your browser
Gardarríos
DÍA MUNDIAL DA AUGA 2022
SAÍDAS FORMATIVAS DO PROXECTO RÍOS
DÍA INTERNACIONAL ACCIÓN POLOS RÍOS


Gardarríos Abril 2022
View this email in your browser
Gardarríos
CAMPAÑA DE PRIMAVERA DO PROXECTO RÍOS
SAÍDAS FORMATIVAS DO PROXECTO RÍOS
SÍGUENOS NAS REDES SOCIAIS


Gardarríos Maio 2022
View this email in your browser
Gardarríos
CAMPO DE VOLUNTARIADO NO TEA
SAÍDAS FORMATIVAS DO PROXECTO RÍOS
CRÓNICA DO XXXIV CURSO DE FORMACIÓN


Gardarríos
Campo de Voluntariado no Río Tea
20, 21 e 22 de maio de 2022

## Facebook:

**Proxecto Ríos**
27 de mayo

Saída hoxe CEIP Curros Enríquez e a Sociedade de Pesca Pontegrande ao río Arnoia en Celanova
@CH_MS




**Proxecto Ríos**
23 de mayo

A pasada fin de semana do 20, 21 e 22 de maio de 2022 o Proxecto Ríos desenvolveu outra quenda dos Campos de Voluntariado no río Tea. Estas accións de voluntariado están encamiñadas a divulgar a problemática ambiental que producen as especies exóticas invasoras no medio fluvial.
Nesta ocasión o voluntariado realizou tarefas de eliminación de rebrotes de Acacia dealbata, A. melanoxylon, Phytolacca americana e Crocosmia x crocosmiiflora.
Tivemos oportunidade tamén de coñecer o... **Ver más**



**Proxecto Ríos**
20 de mayo

Hoxe realizamos a inspección de río co CEIP Felipe de Borbón de Salvaterra de Miño, no río Tea.
#unimosriosepersoas




**Proxecto Ríos**
13 de mayo

A vindeira fin de semana de maio, do 20 ao 22 de maio voltamos ao río Tea para continuar eliminando flora exotica invasora. Participa!
https://www.adega.gal/axenda.php?id=960&idioma=gl&sec=12
@CH_MS




**Proxecto Ríos**
10 de mayo

Saída ao río Lonia en Ourense co IES As Lagoas
#unimosriosepersoas
@confederacionhidrograficamiñosil



**Proxecto Ríos**
6 de mayo ·

Hoxe saída co CPI Ramón Piñeiro de Láncara ao río Neria.
@confederacionhidrograficamiñosil




**Proxecto Ríos**
28 de abril ·

Hoxe realizamos a inspección do río Uma, en Ponteareas, co alumnado de 4º de ESO do IES Val do Tea
#unimosríosepersoas




**Proxecto Ríos**
7 de abril ·

Saída de inspección ao río Gatos co CEIP Atin-Cela, no concello de Mos.
#unimosríosepersoas




**Proxecto Ríos**
23 de septiembre a las 13:07 ·

Saída co CEIP de Xuvencus e a colaboración dos montadores de mosca de Soutomaior. Atopamos grande cantidade de macroinvertebrados e metamorficos de sapiño comadrón.

#unimosríosepersoas

@CH_MS




9

Proxecto Ríos
10 de agosto ·

Continuamos coas actividades de divulgación sobre os cursos fluviais deta volta na Aula da Natureza do río Miño en Ourense

#unimosriosepersoas
@CH_MS




Proxecto Ríos ha creado un evento.
19 de julio ·




LUN., 19 SEP.

**XV Limpeza Simultánea de Ríos**

18 personas interesadas

13

Me gusta · Comentar · Compartir

Proxecto Ríos
29 de junio ·

No vindeiro mes de xullo dende o Proxecto Ríos de ADEGA organizamos dúas Noites dos Morcegos, da man de Xosé Pardavila de SOREX, serán unha en Monforte de Lemos e outra en Montederramo. Podes inscribirte xa, as prazas son limitadas.
@CH_MS

http://adega.gal/axenda.php?id=985&idioma=gl&sec=12




Proxecto Ríos
27 de mayo ·

Saída hoxe CEIP Curros Enriquez e a Sociedade de Pesca Pontegrande ao río Arnoia en Celanova
@CH_MS



## Aparición nos medios de comunicación

NOS Diario: Artigos Gozar



gozar SÁBADO 10 DE SETEMBRO 2022 NÓS DIARIO PÁX. 6—7

gozardosríos

# As sombras do río Lor

Nun dos veráns máis cálidos dos últimos anos achegámonos ás beiras do río Lor para levar mellor as altas temperaturas

Texto e fotos: Ramsés Pérez / Proxecto Ríos (Adega)

Cos lumes dos montes do Courel ardidos aínda na retina... puidemos comprobar a función de cortalumes que exerceron os cursos fluviais. O río Lor, Sas, Lóuzara, Pequeno e outros tantos ao longo de todo o país serviron unha vez máis para deter o avance do lume.

Ademais diso tamén son quen de axudarnos a levar mellor a calor do verán. Ríos multifuncionais.

Nalgúns libros de texto defínese a verba río como "corrente natural de auga que flúe permanentemente e que vai dar a outra ou ao mar". Non imos meternos en fonduras, pero estaría ben aclarar algúns conceptos fluviais. Un deles é que os ríos non só levan auga, tamén arrastran areas e sedimentos, vitais para manter a dinámica fluvial e os areais das costas. Ou que algúns ríos galegos de montaña chegando o verán deixan de fluír, xa non levan auga e seguen a ser ríos. Cuestións a tratar noutro momento. Hoxe imos dedicar a gozar da sombra do río Lor.

Pois ben, outra das cuestións que definen un río é o seu bosque de ribeira. Sen o conxunto de árbores formado polas diferentes especies que medran nas súas marxes, o río non sería tal. Tal vez unha canle. Pero unha canle non é

raios solares chegasen até a auga e queda demasiado reducida a evaporación.

**Microclima ribeirego**

O resultado é un microclima ribeirego que variará en función de factores como a temperatura, a humidade ou a luz. Factores que sumados á altura da vexetación ou á fondura e anchura do río, orientación do sol, dará lugar a microclimas variados e peculiares pero onde sempre dominará unha humidade maior á da súa contorna e polo tanto con maior capacidade de deter un incendio que o maior dos cortalumes.

**O río Lor**

E chegamos ao río Lor de Uxío Novoneira, afluente do río Sil que nace en Pedrafita do Cebreiro, atravesando os montes do Courel de norte a sur para logo de

— Deitados baixo o dosel arbóreo podemos apreciar

Como nós, a rá dos regos aproveita a sombra do río Lor.

Gaiteiro bicolor pousado sobre a folla dun freixo.

Ponte de Barxa do Lorán, un fermoso emprazamento.

El Correo Gallego, 2/10/2022



# Case mil voluntarios retiraron co Proxecto Ríos 8 toneladas de lixo

Educación e activismo

La Región, 02/10/2022


La Region VIDA Los ecovigilantes "móllanse polos ríos"

VIDA

## Los ecovigilantes "móllanse polos ríos"

Tomiño.gal


27 SET 2022 RAPAZAS E RAPACES TOMIÑESES MÓLLANSE POLOS RÍOS E RECOLLEN MÁIS DE 140 QUILOS DE LIXO

CASE 150 PARTICIPANTES DA COMUNIDADE TERAPÉUTICA ALBORADA, CEP PEDRO CASELLES, CEIP PLURILINGÜE TEBRA E DUN CICLO MEDIO E FP BÁSICA DO IES ANTÓN ALONSO RÍOS PARTICIPARON NA XORNADA DE LIMPEZA NOS RÍOS BRIÑA, PEGO, CEREIXO E DA PEDRA

Tomiño móllase polos ríos con máis forza que nunca. Case 150 rapaces e rapazas participaron este luns nunha nova edición da limpeza simultánea de retirada de lixo á beira do río posta en marcha ao abeiro do Proxecto Ríos, coordinado pola asociación ecoloxista Adega, coa que se buscaba concienciar á sociedade de manter limpos de residuos os cursos fluviais do municipio.

Pontevredra Viva


PonteVedra Viva!com

Máis +

Comparte este artigo

Tweet

Whatsapp

Email

Únete á REvolución SOGAMA!

CONSIGUE O TEU!

Pontevedra

## O Gafos e o rego de Valdecorvos, libres duns 125 quilos de refugallos

Case medio cento de persoas participaron este domingo na **décimo quinta edición da limpeza simultánea de ríos** coordinada pola asociación ecoloxista ADEGA.

Foron 41 os concellos galegos nos que se desenvolveu esta actividade, que **no caso de Pontevedra tivo como escenario o río Gafos e o rego de Valdecorvos.**

## 3. Materiais editados

Todos os anos, no Proxecto Ríos, edítanse diferentes tipos de materiais que complementan e reforzan as actividades que dende a organización se propoñen. A maioría destes materiais son divulgativos e complementan os materiais que o voluntariado emprega nas súas inspeccións. Outros, son sobre as actividades que se organizan, sobre todo carteis divulgativos ou dípticos. Tamén corresponden á renovación de materiais de inspección que emprega o voluntariado.

### ALGÚNS DOS MATERIAIS EDITADOS:

### Carteis divulgativos:







MÓLLATE
POLOS RÍOS
VOLUNTARIADO AMBIENTAL
GALIZA
25 SETEMBRO
2022
15
XV
LIMPEZA
SIMULTÁNEA
DE RÍOS
PROXECTORIOS.ORG
INICIATIVA
ORGANIZA
PROMOVE
XUNTA
DE GALICIA


MÓLLATE
POLOS RÍOS
XV LIMPEZA
SIMULTÁNEA
DE RÍOS
25 SETEMBRO
GALIZA 2022
15
Colaboran os concellos
INICIATIVA
ORGANIZA
PROMOVE
XUNTA
DE GALICIA


MÓLLATE
POLOS RÍOS




NOITE DOS MORCEGOS
Montederramo
martes , 12 xullo
Curso de formación sobre os morcegos dos
cursos fluviais como indicadores da calidade da
auga e do bosque de ribeira.
Actividade dirixida por Xosé Pardavila, SOREX
Programa
20.00 h Presentación Ramsés Pérez, Proxecto Ríos
20.15 h Morcegos e bosque de ribeira:
-Xosé Pardavida, SOREX
20.30 h Preparación zonas de captura
21.30 h Merenda cea
20.00 h Escoita de morcegos con detectores de
ultrasóns
01.30 h Remate
+ info: www.proxectorios.org
Organiza
Financia


NOITE DOS MORCEGOS
Monforte de Lemos
mércores , 6 xullo
Curso de formación sobre os morcegos dos
cursos fluviais como indicadores da calidade da
auga e do bosque de ribeira
Actividade dirixida por Xosé Pardavila, SOREX
Programa
20.00 h Presentación Ramsés Pérez, Proxecto Ríos
20.15 h Morcegos e bosque de ribeira
-Xosé Pardavida, SOREX
20.30 h Preparación zonas de captura
21.30 h Merenda cea
20.00 h Escoita de morcegos con detectores de
ultrasóns
01.30 h Remate
+ info: www.proxectorios.org
Organiza
Financia

## Equipa educativa

A equipa educativa do Proxecto Ríos está formada polos seguintes Educadores Ambientais e traballadores de  ADEGA:

- Ramsés Pérez. Licenciado en Pedagoxía. Responsable dos contidos educativos do Proxecto Ríos.
- Francisco Bañobre. Licenciado en Bioloxía, responsable de grupos do Proxecto Ríos.
- Itziar Díaz. Graduada en Bioloxía, educadora ambiental de ADEGA.
- María Amigo. Graduada en Bioloxía, educadora ambiental de ADEGA

## Iniciativa de:

ADEGA

## Co financiamento de:

VICEPRESIDENCIA
TERCERA DEL GOBIERNO

MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN
HIDROGRÁFICA
DEL MIÑO-SIL, O.A.